

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE DATA 06 DE MARZO DE 2008.

Sendo as dez horas do día 06 de marzo de 2008, na Sala de Xuntas da Concellaría de Persoal reúnese a Mesa de Negociación do Excmo. Concello da Coruña, asistindo esta

Por parte da Administración Municipal

- Dona Obdulia Taboadela Álvarez, Concelleira delegada de Persoal, como Presidenta
- D. Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior
- Dona Loreto Díaz Sánchez, Xefe de Servizo de Persoal
- D. Ramón Vilas de Escauriaza, Xefe de Departamento de Xestión de RR.HH
- Dona Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de Recursos Humanos, que actúa como secretaria

Por parte das seccións sindicais comparece

Como representantes sindicais

- Dona Marina Lorenzo Fernández (CC.OO)
- D. Roberto Tizón Miguens (CIG)
- D. Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- D. Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Como asesores

- Dona Susana Álvarez Fernández (CC.OO)
- D. Javier Hermida Gayubas e D. Gabriel Rodríguez Gutiérrez (CIG)
- D. Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- D. José Ángel Varela Moure (UGT)

A orde do día da presente sesión é o seguinte:

- Aprobación das actas das sesións anteriores.
- Acordo de Prestación Adicional do S.E.I.S
- Proxecto de Relación de Postos de Traballo.

Ao abrir a sesión, por parte da Sra. Concelleira formúlase un cambio na orde do día debido a que ás once horas debe retirarse por cuestións xustificadas. Por iso, propón que se empece no punto referente ao Acordo de Prestación Adicional do S.E.I.S. Entrando xa neste tema, interveñen os seguintes representantes sindicais:

- D. Javier Hermida Gayubas expón a proposta que presenta a CIG en relación a este Acordo. Remitirá a proposta completa en próximos días.
- Dona Marina Lorenzo Fernández manifesta que CC.OO presentará proposta por escrito nos próximos días.
- D. Javier Sobrino Viqueira, en representación de UGT, expón o seguinte:
 - Que se o Acordo de Prestación Adicional do S.E.I.S se cambia por Acordo de Formación, reclama que todo o persoal do Concello que reúna as mesmas condicións se inclúa no ámbito de aplicación deste Acordo e non se circunscriba solo ao Servizo do S.E.I.S.
 - En relación aos cursos nos que se produza pasa a noite, mantén que se computen 24 horas, tal e como se reflicte no actual acordo.

Seguidamente pásase a terceiro punto da orde do día, a presentación do proxecto de Relación de Postos de Traballo. Dona Obdulia Taboadela explica o espírito da modificación da Relación de Postos de Traballo. Trátase dunha Relación de Postos conservadora en relación á creación de postos de traballo. Neste momento, estase a facer un grande esforzo presupostario para poder levar a cabo a execución da Valoración de Postos. Por iso, a creación de postos reduciuse

ao mínimo e imprescindible. A finalidade é o mantemento da Relación de Postos de Trabajo, con tres obxectivos:

- Plasmar na Relación de Postos a execución da Valoración de Postos de Trabajo.
- Adaptar a Relación de Postos á nova estrutura municipal existente neste momento, coa creación de novos servizos. Isto é o que explica o crecemento da Relación de Postos. Os servizos que xa existían enténdese que estaban ben dimensionar, polo que practicamente a súa organización non se viu alterada.
- Plasmar a nova organización da Policía Local.

Seguidamente, pásase á quenda de rogos e preguntas. En relación a este punto fórmulanse as seguintes cuestións:

- O representante de UGT pregunta por que aos traballadores con contratos laborais temporais non se lle aboou a produtividade recollida no Acordo do 8 de outubro de 2008. Neste sentido, D. Javier Viqueira manifesta que no Acordo do 8 de outubro se incluía todo o persoal laboral temporal do Concello salvo a aqueles traballadores contratados a través de subvencións e do programa de fomento de emprego.
- Por parte da representante de CC.OO fórmulase a mesma pregunta. Neste sentido, Dona Marina Lorenzo Fernández manifesta que a produtividade se asignou a todos os postos de traballo incluídos na valoración recollida no devandito acordo e que se aplicaba a todo o persoal contratado directamente polo Concello. Así mesmo, no Convenio Colectivo do Concello o persoal laboral atópase igualada en condicións ao persoal funcionario.
- En representación da CIG, D. Roberto Tizón manifesta que na reunión do 8 de outubro de 2008 se negociou a asignación de complementos a postos de traballo. Ademais, o convenio colectivo determina a aplicación dos mesmos conceptos para todos os traballadores salvo os casos de Convenios de Colaboración con outras administracións públicas ou de subvencións outorgadas por estas para o fomento do emprego e a inserción laboral. Por iso, expón que por parte da CIG se vai reclamar o abono da produtividade e dos trienios aos traballadores con contrato laboral temporal dentro do Concello da Coruña, salvo aqueles que se regulen por subvención.

En relación á pregunta formulada, Dona Obdulia Taboadela contesta que, no espírito do acordo, a utilización da palabra "equipo" supoñía que a mesma abrangía o persoal funcionario e laboral fixo do Concello, o cal levou á interpretación que se fixo do Acordo.

Por parte de D. Juan Manuel Díaz Villoslada fórmulase que por parte da Mesa de Negociación se chegue a un acordo de interpretación da cláusula do acordo relativa á produtividade, de maneira que se proceda a aplicar os arts.6 e 63 do Convenio Colectivo e aboar aos traballadores con contrato laboral temporal, non subvencionado, o complemento de produtividade, ao que mostran a súa conformidade todos os representantes sindicais. En relación ao tema do abono de trienios ao persoal con contrato laboral temporal, manifesta que se estudará.

D. Javier Sobrino propón que cando se decida de aboar algún concepto a un colectivo do Concello, se formule esa decisión á Mesa para a súa interpretación, e non que se realice unha interpretación unilateral do acordo.

Por parte da CIG, fórmulanse as seguintes cuestións. D. Roberto Tizón manifesta que se está a incumprir de forma reiterada o espírito de acordo do 8 de outubro, relacionando a continuación unha serie de situacións que apreciaron así como cuestións formuladas no seu día que están sin solucionar:

- Séguese aboando o complemento de especial dedicación a postos de traballo que non a teñen asignada.

- Séguese pagando o complemento de produtividade, cando na Mesa de Negociación se acordara que se fixaría na mesa os criterios para a asignación de produtividade e para a avaliación do desempeño.
- Non se deu resposta aínda á petición de nulidade do nomeamento do Cabo do S.E.I.S que non reunía os requisitos para ocupar a praza. Dona Loreto Díaz contéstalle que está a estudar o tema e que remitirá a resolución na que se dá contestación a esta cuestión a semana que vén.
- Tampouco se deu contestación aos problemas de conciliación que se deron en Bibliotecas. Dona Obdulia contesta que si é un tema que urxe resolver.

Sendo as 11 horas, Dona Obdulia Taboadela retírase da Mesa.

A continuación, D. Juan Manuel Díaz Villoslada entrega a copia do proxecto da nova Relación de Postos de Traballo e procede a explicar a mesma, coas seguintes consideracións:

- Advirte que faltan as Normas de Xestión da Relación de Postos de Traballo, porque non deu tempo a finalizalas. Farase entrega destas a semana que vén, xa que son necesarias para a interpretación dos códigos que aparecen na RPT.
- Así mesmo resalta que neste proxecto se recolle a nova estrutura municipal así como a reorganización da Policía Local, explicando os novos ámbitos de actuación funcional, indicando os postos de traballo que se reservan á segunda actividade.

Por parte das Seccións Sindicais, fanse as seguintes consideracións:

- CIG. D. Javier Hermida propón que nesta modificación da RPT se aproveite tamén para sinalar os postos de segunda actividade no S.E.I.S. D. Roberto Tizón así mesmo fai dúas consideracións:
 - Que se está a esixir en determinados postos o carné de conducir B só para novo ingreso. Nalgúns casos, (pe e-14) son postos de provisión, non de novo ingreso. Por iso debería quitar o de novo ingreso nos postos de nivel superior, manténdoo no posto base.
 - Séguese mantendo un erro que se dixo que se ía corrixir coa RPT: séguese mantendo como laborais os postos de Xefaturas de Talleres, cando entre o persoal que esta ocupando os postos de nivel ou grupo inferior hai funcionarios. Manter esta situación produce unha irregularidade na provisión dos devanditos postos. Tense que abrir eses postos a funcionarios.
 - O mesmo que o exposto no parágrafo anterior pasa nos postos de Director e Subdirector da Banda de Música. Se solo queda aberto a laborais, os músicos que son funcionarios non poderían acceder a eses postos por sistemas de provisión.

En relación ás cuestións formuladas, recóllense para a súa corrección.

- CSI-CSIF. D. Andrés Otero Cerveró formula unha cuestión relacionada co notificador de recadación. Por parte de D. Ramón Vilas de Escauriaza, contestaráselle por escrito xa que se trata dunha cuestión técnica.

Por parte de D. Javier Hermida Gayubas, CIG, e por D. Andrés Otero Cervero, CSI-CSIF, fórmulase o tema da perigosidade nos postos de Protección Civil. O devandito concepto aparece recollido na RPT, alegando ambos os dous representantes que era unha cuestión que quedou pendente na reunión anterior e que non se aprobou. Os representantes de CC.OO e UGT contestan que foi un tema que se tratou, discutiu e voto na sesión anterior, fixándose a contía a percibir por cada categoría. Mantido un debate ao respecto queda o acordo en relación a este tema tal e como consta na acta da sesión anterior.

Seguidamente. D. Ramón Vilas de Escauriaza explica aos membros da mesa os códigos que aparecen nas columnas de formación específica e complemento específico.

D. Juan Manuel Díaz Villoslada expón que unha vez remitida aos representantes sindicais a Relación de Postos de Traballo en versión PDF así como as Normas de Xestión desta para o seu estudo, disporán dun tempo para formular alegacións. Neste sentido, fíxase o día 27 de marzo de 2008 para a seguinte sesión da Mesa de Negociación. A esta mesa traeranse as conclusións da Mesa Técnica da Policía Local en materia de lapelas da Policía Local. Así mesmo, e ante a petición de CIG para estudar o tema da conciliación de bibliotecas, D. Juan Manuel Díaz Villoslada comprométese a levar o tema da conciliación á Mesa do día 27 de marzo.

Neste momento, D. Juan Manuel Díaz Villoslada pregúntalle a Dona Marina Lorenzo Fernandez sobre o recurso contencioso-administrativo formulado polos Conserxes de Colexios. Dona Marina Lorenzo recórdalle que non se retira o recurso contencioso-administrativo mentres non se aproba a nova relación de postos de traballo. D. Juan Manuel Díaz Villoslada respóndelle que formula esta pregunta xa que existe o compromiso dos sindicatos de retirar os recursos contencioso-administrativo en materio de RPT, tras o Acordo de data 8 de outubro de 2007.

Fóra da orde do día fanse as seguintes consideracións por parte dos representantes sindicais:

- D. Roberto Tizón, en representación da CiG, reitera a utilización da contratación administrativa para a cobertura ou substitucións de persoal na Banda de Música. Así mesmo, avisa de que nesta nómina non se aboou aos pensionistas que o solicitaran o complemento ao salario mínimo interprofesional recollido no antigo regulamento de axudas económicas, cando se dixera que se ía facer en sesións anteriores. Dona Lorena Abad Carrera contéstalle en relación ao tema da banda de música que é necesario iniciar un expediente de contratación debido ao número de vacantes que hai neste momento, debido a xubilacións e excedencias. Por outro lado, en relación ao tema dos pensionistas, é un tema que está pendente de analizar coa Intervención Municipal.
- D. Andrés Otero Cerveró pregunta se se cubriron as tres prazas de funcionarios interinos do UAMi e o ETIS. Dona Loreto Díaz contéstalle que si.
- D. Manuel Aceña realiza unha serie de consideracións e preguntas:
 - Que se debe ser máis estrito no cumprimento do calendario da Mesa de Negociación, por canto se leva un atraso no tratamento dos asuntos e temas.
 - Formula o tema da funcionaria Rosario Uzal, en relación á reincorporación desta traballadora ao Concello xa que foi declarada polo INSS en situación de incapacidade para o desempeño do posto habitual. En relación a esta cuestión, D. Juan Manuel Díaz Villoslada contéstalle que este tema está en mans do INSS que é a institución coa que hai que tratar e á que hai que comunicar e preguntar se a traballadora pode desempeñar o posto que se ofrece e as súas funcións, pois é este organismo o que decide. Ademais o tipo de relación xurídica que se establecería neste caso sería laboral.

En relación ao tema das actas da Mesa de Negociación, decídese cos representantes sindicais que ás seccións sindicais se remitan copias das mesma por correo electrónico en PDF e á Xunta de Persoal copia compulsada das actas asinadas. Así mesmo se decide celebrar unha sesión o día 14 de marzo, ás 11:00 horas coa única orde do día a lectura e aprobación das actas da mesa que faltan por aprobar.

D. Andrés Otero manifesta que descoñece cales son os criterios de adjudicación das vivendas municipais. Dona Loreto Díaz contéstalle que esta pregunta non é un tema da mesa de negociación pero que dará traslado desta.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e trinta minutos, levántase a sesión, do que eu, secretaria, dou fe.